

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS "ASPANEPS" PARA A ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL NO EIDO DOS TRASTORNOS DA APRENDIZAXE E TRASTORNOS DE SAÚDE MENTAL RELACIONADOS EN SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL

Ferrol, 26 de marzo de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, Dona María Elena Rodríguez Seoane, presidenta da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS" de Ferrol con NIF: G-15036064, que actúa en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

I. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

II. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da

Comunidade Autónoma Galega e coordinar os dispositivos dedicados á saúde menta.

III. Dentro do PLAN DE SAÚDE MENTAL posCOVID 19, e a través deste convenio, perséguese avanzar e acadar os obxectivos propostos, en concreto os recollidos no eixo estratéxico "Saúde mental na infancia e adolescencia" e o obxectivo 4.3: favorecer a accesibilidade aos equipos de saúde mental infanto-xuvenil. Para iso este convenio dará amparo ao desenvolvemento do proxecto "Actualización dos procesos asistenciais en patoloxías prevalentes e complexas do ámbito infanto-xuvenil, nos seguintes ámbitos:

- Trastorno Específicos da Linguaxe.
- Trastorno do Espectro Autista.
- Trastorno por déficit de atención e Hiperactividade.
- Trastornos do Aprendizaxe.
- Trastorno da Conduta Alimentaria.

IV. Que a entidade ASPANEPS conta cos recursos materiais e humanos, a experiencia e a traxectoria para colaborar na actualización do procesos asistenciais en materia de saúde mental infanto-xuvenil no eido dos trastornos de aprendizaxe, e outros trastornos comórbidos como trastornos específicos da linguaxe, TEA e TDAH, así como para levar a cabo a implantación do mesmo na area sanitaria de Ferrol en coordinación cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde de dita area sanitaria.

A Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS" compre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas para os efectos de garantir a atención preferente ao sector da saúde mental infanto-xuvenil.

Por todo iso, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto a realización, por parte da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS", da "actualización e implantación do proceso asistencial no eido dos trastornos da aprendizaxe e trastornos de saúde mental relacionados en saúde mental infanto-xuvenil". Dito programa desenvolverase en coordinación cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, e a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado e individualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

O programa terá como obxectivo xeral apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen dificultades na aprendizaxe que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración psicosocial, así como ás súas familias e outros axentes sociais, a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitadoras que garanten unha saúde mental integral. En concreto en colaboración cos dispositivos de saúde mental da área sanitaria e os servizos de orientación dos centros educativos da área sanitaria promoverase a identificación e detección de circunstancias que conflúan nun problema de aprendizaxe e precipiten alteracións de conduta na infancia.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no

desenvolvemento de actuacións formativas na materia obxecto deste convenio, tanto dando traslado das necesidades detectadas, como colaborando no desenvolvemento dos programas.

SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% da contía total concedida.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada.

Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA.- OBRIGAS

A Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS" comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir ás directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde e o Responsable de saúde Mental da Area, en materia de saúde mental infanto-xuvenil.
- b) Realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde e conforme o disposto a Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado y da historia clínica dos pacientes. Os profesionais sanitarios que precisen cumprimentar datos ou consultar a historia clínica electrónica utilizarán IANUS como principal ferramenta de traballo, sen prexuízo do uso de ferramentas informáticas específicas incluídas no catálogo corporativo e integradas neste.
- c) En caso de producirse denegación de solicitude de admisión ou de entrada ou reentrada a algún programa, remitir a Subdirección Xeral de Atención

Primaria no prazo de 10 días naturais unha memoria xustificativa onde se faga constar o motivo desta.

d) Deberán ter actualizados os rexistros e os sistemas de información que estean habilitados no dispositivo asistencial e remitir á Subdirección Xeral de Atención primaria con periodicidade semestral, en soporte electrónico a actividade dos usuarios, facendo constar:

1º. Número de admisións e intervencións realizadas (diferenciando primeiras consultas do resto da actividade), diferenciando por grupos de idade e sexo.

2º. Ausencias ás consultas programadas.

3º. Relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.

4º. Volume de pacientes, diferenciando por grupos de idade e sexo.

5º. Dispositivo de procedencia

6º. Número de pacientes derivados a dispositivos de hospitalización psiquiátrica.

7º. Diagnóstico principal e secundario segundo criterios CIE 10.

8º. Número e data de celebración de reunións de coordinación con dispositivos de atención temperá, saúde mental, centros educativos e servizos asistenciais pediátricos da área.

e) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.

f) Comunicar á Subdirección Xeral de Atención Primaria calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme a normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.

g) Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde á dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental de área.

CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE.

No desenvolvemento da súa actividade, a entidade e os seus profesionais axustaranse á lei de protección de datos e ás instrucións sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde. Facilitarase por parte do Servizo Galego de Saúde un aplicativo informático específico para a xestión de datos xerados no desenvolvemento dos programas terapéuticos, cumprindo

estritamente coa normativa en materia de cesión de datos e aplicando as medidas de seguridade pertinentes.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, a entidade comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teña acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fai constar, de maneira expresa, que velará polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

QUINTA.- ORZAMENTO

Para o financiamento destas axudas destinarase crédito por un importe total de cento cincuenta mil euros **(150.000 euros)** que se financiarán con cargo á aplicación **5001.413A.481.26** con código de proxecto **202100001** dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024. Correspondentes ao Plan de Saúde Mental de Galicia posCOVID 19 para o periodo 2020- 2024.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DE AXUDAS

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SÉTIMA.- PAGAMENTO.

A contía indicada na cláusula QUINTA farase efectiva do seguinte xeito:

Pagamentos anticipados: Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presentando por parte da asociación:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 2.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando as facturas e demais documentos de valor probatorio e a documentación acreditativa de pago que xustifique que os gastos foron efectivamente pagados e ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes dos mesmos.

Esta relación ordenada de gastos documentarase segundo o modelo indicado no Anexo 1

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se tiveran concedido non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagamentos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes pagamentos.
- b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 1 de decembro de 2024. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do provedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).

4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Atención Primaria, que emitirá informe favorable de ser conforme.

5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados e efectivamente pagados dende o 1 de decembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2024 e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

DÉCIMA. MEMORIA FINAL

Con data límite **do 30 de xaneiro de 2025**, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Atención Primaria unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas ao longo do ano 2024 segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo primeira.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE

SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO”(PR004A) dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN PARITARIA.

Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será a persoa competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de

xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME DE REXISTROS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO SÉTIMA.- DEBER DE COLABORACIÓN

A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle tanta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO OITAVA.- PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

DÉCIMO NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

VIXÉSIMA .- PUBLICIDADE

A asociación ASPANEPS comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos , material de divulgación) como entornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude deste convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde	Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais "ASPANEPS" de Ferrol
Julio García Comesaña	María Elena Rodríguez Seoane

ANEXO 1: MODELO DE RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE										
RAZÓN SOCIAL								NIF		
TIPO	NOME DA VÍA						NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO			LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).										
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)										
NOME/RAZON SOCIAL				PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE										
DATOS BANCARIOS										
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.										
TITULAR DA CONTA							NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
							IBAN			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: 1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.										
2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.										
3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas: ☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención. ☐ Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:										
ORGANISMO		IMPORTE (€)		DATA DE CONCESION		DISPOSICION REGULADORA				
☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención. ☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:										
ORGANISMO		IMPORTE (€)		DATA DE SOLICITUDE		DISPOSICION REGULADORA				
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.										
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE										
Lugar e data										
			,	de		de				